

PREMIO ELVIRA BAO MACEIRAS

Mércores 8 de marzo: Apertura convocatoria Premio Elvira Bao Maceiras

Este premio nace coa vocación de rescatar da historia oculta, da invisibilidade, os saberes e os traballos de moitas mulleres, facendo emerxer e poñendo en valor as súas contribucións. Trátase dunha cuestión de xustiza social e de xustiza de xénero necesaria para avanzarmos cara a un municipio en igualdade.

Dúas categorías: Investigación. Produción de obra. Dous tipos de premios: premio do xurado e premio do público para en cada categoría.

Prazo: até o 8 de novembro. Consulta as bases na web coruna.gal/igualdade

CONCURSO DE IDEAS DE ARTE URBANO (GRAFFITI)

Luns 6 de marzo: Apertura convocatoria Concurso de ideas de arte urbano (Graffiti) en torno aos dereitos das mulleres e as súas contribucións á cidade da Coruña.

O obxectivo do concurso é seleccionar a intervención gráfica mur al que se realizará no pavillón municipal de deportes, anexo ao CEIP San Francisco Javier, no marco do desenvolvemento da campaña conmemorativa do 8 de Marzo, Mulleres que transforman realidades.

Prazos: Presentación de propostas: até o 17 de marzo. Notificación pública do fallo do concurso: 22 de marzo. Realización da obra gráfica ganadora: do 24 ao 30 de marzo. Consulta as bases na web coruna.gal/igualdade

PUBLICACIÓN DIXITAL

Segundo Informe do Observatorio Municipal de Igualdade:

'A Coruña en cifras. Mulleres e homes na cidade'

MULLERES QUE TRANSFORMAN REALIDADES

8 DE MARZO,
DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES

A CORUÑA, 2017



Con motivo do Día Internacional das Mulleres, o Concello da Coruña decidiu incluír o 8 de Marzo entre os días de festa local, trasladando á cidadanía un convite aberto a vivilo nesta dupla dimensión, a festiva e a vindicativa. Coa convocatoria do programa 'Mulleres que transforman realidades' pretendemos facer visible que os dereitos das mulleres forman parte da historia inacabada e incompleta dos dereitos humanos, e por iso tamén hai previstas actividades conmemorativas durante todo o mes.

MARTES 7

20.30 Concerto de Guadi Galego 'O Mundo está parado'.

Teatro Rosalía Castro. Despois de recibir o Premio Martín Códax da Música á Mellor Artista na categoría de Canción de Autor, Guadi Galego presenta 'O mundo está parado, o seu terceiro álbum en solitario'.

DO MARTES 7 AO DOMINGO 12 MARZO

'Desenfocadas: imaxe feminina nas revistas dirixidas a rapazas novas'.

Casa Museo Casares Quiroga. Visitas guiadas da exposición: xoves 9 e sábado 11 de marzo de 18.00 a 19.30. Realizarase unha reflexión colectiva, contrastando a información recollida nos paneis coa situación desta temática na actualidade.

MÉRCORES 8 MARZO

11.00 Inauguración da praza Oito de marzo e da praza Elvira Bao Maceiras (ambas na zona de A Cubela).

11.30 Roteiro 8 de marzo 'Traficando con peixe e cigarros: mulleres, traballos e saberes da cidade'.

Saída da praza Elvira Bao Maceiras. Duración: 1 hora

Percorrido:

- Praza Elvira Bao: mestras, parteiras, enfermeiras e farmacéuticas.
- Rúa da Gaitreira: "comerciantas" e mulleres que rexentaban negocios: tendeiros, taberneiras, panadeiras, forneiras e ferreiras.
- Parque Europa e rúa Río Monelos: lavandeiras e mulleres de servizo
- Praza da Palloza: pescantinas e redeiras
- Praza da Fábrica de Tabacos: cigarreiras e sindicalistas.

12.00 Feira de creadoras e artesás

Postos de venda de artesanía e mostra de proxectos de vida. Aberta até as 20:00 (Praza Fábrica de Tabacos)

13.00 Acción performativa 'Pacto Social por unha cidade libre de violencias machistas' (Praza Fábrica de Tabacos)

13.30 Actuacións musicais (Praza Fábrica de Tabacos)

Foliada amenizada por Habelas Hainas, grupo folk de mulleres multiinstrumentistas e de ampla traxectoria na música tradicional.

14.30 Concentración de moteras (Praza Fábrica de Tabacos)

20.30 Ciclo Principal 'Helena, xuízo a unha lurpia'.

Teatro Rosalía Castro. De Miguel del Arco. Teatro do Atlántico. Helena xa non é "a bela Helena", senón unha muller con certos signos que nos falan do implacable paso do tempo.

VENRES 17 MARZO

19.30 Espectáculo Lavandeiras, con Vero Rilo (Daboapipa).

Centro Cívico Monelos. Espectáculo de narración oral e música, centrado no oficio das lavandeiras como parte do noso imaxinario colectivo. As mulleres á beira do río, de xeonllos, fregando a roupa, tecendo unha estampa que se repetiu ao longo da nosa historia. Ao seu redor, as lendas e os contos protagonizados por este grupo de mulleres ao longo da nosa xeografía.

VENRES 24 E SÁBADO 25 MARZO

Xornadas

'Municipios cara á igualdade: políticas transformativas para a igualdade de xénero'

Punto de encontro municipal para o debate, o intercambio de experiencias e o artellamento de alianzas e redes para a promoción de políticas transformativas para a Igualdade efectiva no ámbito local. Haberá conferencias, obradoiros, paneis de experiencias desde outros territorios do Estado e clownclusións. DOMUS. Museos Científicos da Coruña. Rúa Ángel Rebollo, 91 (Haberá servizo de interpretación de lingua de signos e tamén espazo de atención infantil) Aforo limitado. Inscripción previa. Consulta o programa na web coruna.gal/igualdade

PACTO SOCIAL POR UNHA CIDADE LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS. ENCONTROS ABERTOS.

O Pacto Social é un proceso participativo que se está a desenvolver cun obxecto: camiñarmos cara unha cidade libre de violencias machistas. (Haberá servizo de interpretación de lingua de signos e tamén espazo de atención infantil)

9M: Centro de Información ás Mulleres -CIM- (19.00)

13M: Centro Cívico de Monte Alto (19.00)

16M: Centro Cívico de San Diego (19.00)

22M: Ágora (19.00)

29M: Centro Cívico Os Mallos (20.00)

MULLERES QUE TRANSFORMAN REALIDADES